



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Había un aquí arriba, que chamábase, aquí na Fonte da Uz, o gaitero da Fonte da Uz. E empezábanlle... Non sabía tocar, na máis que unha sola. E decían:

- “Cambia, cambia”

E despois él decía:

- “Eso é falalo.”

E cambiaba de pé. E cantaba esto:

Pola ponte non vou,  
pola ponte non vou,  
pola ponte non vou.  
Pamparampan....

- Cambia.
- Eso é falalo.

E volvía outra vez:

Pola ponte non vou,  
pola ponte non vou,  
pola ponte non vou.

- Pero cambia.
- Vou cambiar a outro pé.

Pola ponte non vou,  
pola ponte non vou,  
pola ponte non vou.

I él estaba tocando, po ano seguinte aínda estaba o pé alí marcado, o tacón.